



## Ditosos os pobres porque voso é o Reino de Deus (Mt 5, 20)

Carme Soto Varela<sup>1</sup>

Non é ningunha novidade sinalar que os pobres estiveron no centro da actuación e da mirada de Xesús. A proclamación do Reino de Deus guía a praxe de Xesús cara os últimos e visibiliza a súa experiencia do Abba, sempre perdón e misericordia. Cando utiliza a expresión Reino de Deus non se está a referir a un territorio e menos aínda a unha realidade futura e excelsa, senón que esta expresión é unha maneira de nomear a Deus subliñando con ela o seu modo concreto de actuar<sup>2</sup>. Cando Xesús proclama que «o tempo está cumprido e chega o Reino de Deus; convertédevos, e crede na Boa Nova» (Mc 1, 15) está indicando que Deus mesmo se está achegando á historia humana concreta e que é necesario abrirille o camiño para que poda actuar con misericordia e bondade. Esta actuación divina diríxese a todos e a todas sen excepcións, pero son destinatarios privilexiados, como xa afirmaran os profetas no Antigo Testamento, os pobres, os desherdados e os oprimidos.

Esta é a mensaxe central da predicación de Xesús, tanto cando narra unha parábola, como cando sanda ou cando comparte o xantar con xente marxinaada.

---

1 Carme Soto Varela é licenciada en Historia pola USC e doutora en teoloxía pola U. Pontificia Comillas. É vicepresidenta da Asociación de Teólogas de España e pertence á Asociación Bíblica Española, así como ao Consello de Redacción da revista *Encrucillada*. Carme Soto é Serva de San Xosé.

2 BUSTO, JOSÉ RAMÓN, *Cristología para empezar*, Sal Terrae, Santander 1991<sup>s</sup> 45-51.